

MODO DE PRODUCCIÓN E DESENVOLVEMENTO URBANO EN LUGO

Francisco Rodríguez Lestegás

Introducción

No ano 1946, Stalin (cit. por Harnecker, 1982, p. 283) deixou escrito que “según sea el modo de producción existente en una sociedad, así es también, fundamentalmente, esta misma sociedad y así son sus ideas y sus teorías, sus concepciones e instituciones políticas”, lo cual “significa que la historia del desarrollo de la sociedad es, ante todo, la historia del desarrollo de la producción, la historia de los modos de producción que se suceden unos a otros a lo largo de los siglos, la historia del desarrollo de las fuerzas productivas y de las relaciones de producción entre los hombres”.

Xa que logo, en todo proceso de producción, xunto ás relacións de carácter técnico, establécense outras entre os propietarios dos medios de producción e os traballadores, é dicir, unhas relacións sociais de producción, que constitúen unha estrutura económica sobre a que se levanta unha superestructura ideolóxica e xurídico-política, de tal xeito que a supervivencia dunha sociedade resulta inseparable da perpetuación dun determinado modo de producción, o cal vese obrigado, por conseguinte, a crear as condicións axeitadas para a súa propia reprodución.

Por todo iso, a cidade presentásenos como unha creación esencialmente histórica, un produto social, unha forma tanxible e construída “a partir de la movilización, extracción y concentración geográfica de cantidades importantes de plusproducto socialmente determinado” (Harvey, 1979, p. 249). En definitiva, cada formación social produce o espacio urbano (e tamén o rural) que responde ás relacións de forza entre clases antagónicas determinadas polo modo de producción dominante en cada momento, de tal xeito que en cada cidade maniféstanse os testemuños das diversas sociedades que interviron na súa construción ó longo da historia, de acordo cos seus respectivos modelos de producción do espacio, e sempre en función dos intereses da clase dominante (García Bellido e González Tamarit, 1979, pp. 27-28). E de aí que, seguindo a Castells (1976, p. 14), consideremos “absolutamente necesario estudiar la producción de las formas espaciales a partir de la estructura social de base”.

1. O desenvolvemento da cidade de Lugo ata o século XIX

Ata data recente, veuse dando por suposto que a fundación de Lugo (arredor do ano 25 a.C.) sobre un preexistente castro celta tivera un carácter militar relacionado coas campañas das guerras cántabras e, polo tanto, que o miolo

orixinario da cidade fora un campamento lexionario durante o Alto Imperio romano, delimitado polas actuais Ruanova, rúas de San Marcos e da Raíña, a Muralla e a Praza de España (Arias Vilas, 1972, pp. 14-15). E o profesor Rodríguez Colmenero, arqueólogo-xefe das excavacións realizadas na cidade durante o ano 1986, aínda que acepta a fundación física da cidade no ano 25 a.C. (cando o xeneral romano Cayo Antistio estableceu nestas terras o seu campamento, ó comezo das guerras cántabras), sen embargo afirma que a cidade non nacería xuridicamente como tal ata o ano 14 a.C., cando tivo lugar a segunda vinda de Augusto a Hispania e decidiu converte-lo campamento nun núcleo urbano civil, repoboándoo cos naturais do lugar e dándolle autoridades e institucións.

Pero, por outra banda, non faltan as investigacións (vid. Arias Vilas, "Lucus Augusti", en **Gran Enciclopedia Gallega**, vol. 19, pp. 219-221) que apuntan cara a unha orixe de natureza máis ben relixiosa ou mesmo simbólica, o que coincidiría precisamente coa explicación etimolóxica do nome indíxena, por canto o termo "Lucus" parece proceder dunha raíz "Luc-", "Lug-" ou "Llug-", coincidente co nome dunha divindade céltica relacionada coa luz e con todo o que brilla. Deste xeito, Lucus Augusti non sería fundada exactamente sobre un asentamento castrexo, do que non apareceu ningún resto arqueolóxico e que tampouco contaría cun emprazamento topográfico axeitado, senón máis ben sobre un centro de confluencia territorial, é dicir, sobre unha especie de lugar sagrado de xuntanza dos poboadores dos numerosos castros da comarca. E, en efecto, nuns momentos nos que, case tanto coma as propias campañas militares, o que importa era a difusión do culto imperial, parece bastante lóxico pensar na idoneidade dun lugar con estas connotacións para instalar nel unha cidade adicada a Augusto.

En calquera caso, esta posible orixe non militar da cidade non representaría ningún atranco de cara á importancia que foi adquirindo xa dende o século I da nosa Era, tanto dende o punto de vista político-administrativo (capital do convento xurídico do Noroeste hispánico), coma económico (control da explotación e distribución das riquezas auríferas do país galaico; centro comarcal agrario; punto de saída das tres vías cara a Brigantium, Iria Flavia e Dactonium, e lugar de parada da que ía dende Bracara a Asturica Augusta) e mesmo militar, como evidencia a propia muralla levantada no século III, a consecuencia da crise baixoimperial motivada polas invasións do "limes" efectuadas polos pobos xermánicos.

De acordo co recoñecido espírito ordenador dos romanos, o plano da principal urbe galaico-romana era, sen dúbida, moi sinxelo, seguindo un modelo xeométrico reiterado dabondo durante todo o Imperio, a base de rúas rectas que se cortan ortogonalmente. O "cardo", dirixido de norte a sur, e o "decumanus", de leste a oeste, cruzaríanse á altura da actual Praza do Campo, que sería, desde xeito, o emprazamento do foro. Dende logo, parece claro que este trazado debeu contrastar bruscamente co propio das aldeas indíxenas da comarca, caracterizadas polo predominio do caserío de planta circular, cunha morfoloxía desordenada e sen rasgos especificamente urbanos (García y Bellido, 1968, pp. 15-27 e 35-36).

Daquela, Lucus Augusti amosásenos coma un exemplo clásico da penetración romana noutras civilizacións, que "adopta espacialmente a forma de una penetración urbana, asentamiento de funciones a la vez comerciales y administrativas, prefigurando así los procesos de urbanización característicos de las penetraciones imperialistas" (Castells, 1975, p. 85). A cidade constitúese nun centro derivado do consumo e non da produción, estando "sistemáticamente determinada por los procesos de dominación político-administrativos, así como por las funciones adyacentes a un tal proceso de distribución del producto" (Ibid.).

Pero a pesar das obras de fortificación levadas a cabo, os bárbaros lograron saquear a cidade, se ben inmediatamente a restituíron na súa anterior condición, e incluso sabemos que en época sueva Lugo chegou a ser punto neuráxico, sendo elevada á condición de corte do reino e sé episcopal (Arias Vilas, 1972, p. 25), circunstancia esta última que marcaría definitivamente o desenvolvemento da cidade durante os séculos posteriores. En efecto, “la historia de Lugo, después de ser una historia de romanos, es, esencialmente, una historia de obispos. En la ciudad de Santa María y del Santísimo Sacramento hubo toda clase de obispos: ortodoxos, priscilianistas, arrianos, obispos con dos diócesis (Braga, Lugo), metropolitanos, no metropolitanos, dos obispos al alimón, obispos con señorío temporal, obispos sin señorío temporal, etc.” (Fernández de la Vega, “Lugo. II. Ciudad”, en *Gran Enciclopedia Gallega*, vol. 19, p. 234).

Tamén está documentada a estadia en Lugo dos árabes ó mando de Muza, quen estableceu aquí a súa base de operacións militares fronte á resistencia astur. Un pacto de rendición diante dos invasores impediría a destrucción da cidade, e a estadia musulmana, que debeu durar arredor dun cuarto de século, non deixou ningún sinal.

Probablemente sen moita oposición, dado que os musulmáns xa deberan abandonar Galicia, a cidade foi reconquistada e repoboada por Alfonso I o Católico, no contexto da primeira repoboación mozárabe de Galicia, Asturias e Cantabria (739-757); o seu goberno foille confiado entón ó bispo Odoario, e Lugo figuraría a partir dese intre como capital do Reino de Galicia. Incluso Alfonso II o Casto utilizouna como corte mentres se fundaba Oviedo, e Lucas Labrada (1804, reed. en 1971, p. 139) lémbraos que aínda no século XV residían aquí os capitáns xenerais do Reino.

De tódolos xeitos, a fundación da capital asturiana coa creación da súa sé metropolitana, o descubremento do sepulcro do Apóstolo Santiago e a restauración de Braga, supuxeron para Lugo un duro golpe, coa aparición de “competicións e rivalidades insuperables que, poco a poco, convirtieron a nuestra ciudad en un feudo episcopal de escasa importancia, pobre y casi despoblado” (Fernández de la Vega, *op. cit.*, p. 235).

Fálase dunha segunda presenza islámica en Lugo, cando as tropas de Almanzor, no transcurso da súa campaña galega a finais do século X, lograrían derrubar un lenzo da Muralla, anque sen poder tomar finalmente a cidade (Arias Vilas, 1972, p. 25). Non obstante, tales operacións de asedio resultan máis que dúbidasas, dende un punto de vista rigurosamente histórico, e entran máis ben dentro dos límites da lenda.

O comezo das peregrinacións a Santiago obriga a levantar a catedral románica e debeu dar pulo á cidade. Despois, o desenvolvemento monástico baixomedieval imprime ó conxunto un carácter relixioso que alterna co da vida gremial, ó tempo que a edificación do casco medieval vaise renovando lentamente sobre a trama primitiva. Pero as loitas continuas entre o señorío dos prelados e os burgueses da capital (que gozaban de estatutos privilexiados concedidos polos reis para tratar de favorecerlo comercio) fixeron que todo este período significase para a cidade unha etapa turbulenta que durou ata a época dos Reis Católicos.

Non se debe esquecer que, na formación social do medioevo, feudal, xerárquica e tributaria, na cal a instancia dominante non era a económica senón a político-ideolóxica, “toda la estructura espacial de la ciudad medieval refleja los criterios típicos de la sociedad jerárquica. La forma construida de la ciudad medieval refleja de este modo la necesidad que tenían aquellos que ocupaban posiciones de poder y de prestigio en la sociedad de utilizar el espacio y la forma arquitectónica como

representaciones simbólicas de dicho poder o como representaciones simbólicas de aquellas imágenes cósmicas a las que la sociedad jerárquica continuaba recurriendo para su mantenimiento moral" (Harvey, 1979, p. 272).

O ocaso da cidade, comezado durante os séculos medievais, continúa ó longo dos tempos modernos, ata tal punto que as "relacións de vecindario" efectuadas a finais do século XVI (vid. Ruiz Almansa, 1943 e 1948) proporcionannos unha poboación de arredor de 300 veciños, o cal converte a Lugo na cidade galega menos habitada, xunto con Mondoñedo.

A penuria de Lugo chega a ser tan angustiosa que en 1669 o cabildo catedralicio, tendo en conta "la disminución que cada día tiene la dote de esta Santa Iglesia, con la ruina de los tiempos y antigüedad de la hacienda de que se compone", invoca o seu antigo prestixio histórico e relixioso perante a Xunta do Reino de Galicia para suplicarlle a concesión dunha asignación con destino ó alumado do Santísimo (Fernández de la Veta, *op. cit.*, p. 236).

A situación parece mellorar lixeiramente no século XVIII, cando o P. Sarmiento escribe que "la ciudad de Lugo estaba perdida de todo; ha conseguido estos años del rey que en ella se celebre una nueva feria en las fiestas de San Froilán, su patricio y patrono; y he oído que Lugo va ya volviendo en sí; que ya se edificaron casas, se pusieron tiendas y se dedicaron los naturales al trabajo de tierras y fábricas; y, finalmente, que cada día crece más su vecindario" (Ibid.).

Efectivamente, segundo o testemuño de Lucas Labrada (1804, reed. 1971, p. 284), a finais deste século a cidade de Lugo xunto coa súa xurisdicción tiñan xa 2.755 veciños, e daquela aumentara considerablemente a edificación nas actuais Praza de España e rúas do Bispo Basulto, Cruz, San Froilán, Doutor Castro e Conde Pallares, ó tempo que se construían os mellores exemplos do barroco lucense (Pazo dos Marqueses de Hombreiro —actual Casa do Concello—, Pazo Episcopal), xunto coas prazas do Campo e de Santa María. Resulta evidente que a construción do Camiño Real de Madrid á Coruña, pasando por Lugo, efectuada durante a segunda metade do século, non foi allea a tan importantes cambios producidos na faciana da cidade.

2. A penetración do capitalismo e os antagonismos coa sociedade campesiña

Con independencia do proceso de desenvolvemento urbano que levamos comentado ata este intre, sería realmente no século XIX cando o progreso técnico, o crecemento demográfico e o mesmo proceso ideolóxico converxeron nun notable desenvolvemento urbanístico xeral (Bidagor, 1968, pp. 251-252). Por iso, e malia a bimilenaria historia da cidade de Lugo, pode afirmarse con seguridade que a meirande parte da súa trama urbana desenvolveuse nos últimos cen anos, en relación co proceso de crecemento desencadenado dende o século pasado nas cidades españolas (Capel, 1977, p. 9).

Paralelamente ó desenvolvemento industrial, que actúa sempre como catalizador do crecemento urbano, ten lugar un proceso de complicación da maquinaria administrativa e burocrática dos Estados, de aumento da circulación financeira e de rápida intensificación das actividades de xestión e mercado, cun forte incremento do consumo, aunque desigual para as diferentes clases sociais.

Xurden novas actividades e espértanse tamén novas necesidades, co cal as cidades, teñan ou non carácter industrial, convértense en centros onde se acumulan as actividades de produción e consumo de todo tipo. O núcleo antigo da localidade, ademais de ser penetrado polas modernas formas de actividade, vese rebasado por elas, dando lugar a unha trama urbana de novo cuño, froito, con

frecuencia, de estratexias urbanísticas irreflexivas e especuladoras (George, 1974, pp. 34-35).

E neste senso, a circunstancia clave do crecemento urbano de Lugo non foi o desenvolvemento da industria —aínda hoxe insignificante— senón a súa designación como capital de provincia (trala refundición das antigas demarcacións de Mondoñedo e Lugo) a raíz do Real Decreto de 1833 levado adiante por Javier de Burgos, que, á parte dun intento de centralización, racionalización e homoxeneización do territorio nacional, viña a significa-lo desmantelamento institucional do Antigo Réxime, a desaparición da estrutura propia das sociedades tardofeudais e a substitución dos vencellos persoais por outros de carácter territorial, máis acordes cos intereses da burguesía (Capel, 1977, pp. 67-68).

A elevación á categoría de capital de provincia orixina na nosa cidade un forte desenvolvemento urbano durante o segundo e último tercios da pasada centuria, ó permitirlle concentrar un importante número de servizos administrativos e de todo tipo: o Goberno Civil, a Diputación Provincial (a partir de 1837), a Audiencia Provincial e as Delegacións, Xefaturas e outros organismos relacionados cos diferentes Ministerios.

Ademais, en 1836 o Concello inaugura a primeira escola elemental gratuita; no mesmo ano, a Sociedade Económica de Amigos do País de Lugo crea unha escola pública de Matemáticas; en 1842 establécese o primeiro Instituto de Segunda Ensinanza; sete anos despois, a Escola Normal de Mestres, e en 1869 a Escola de Artes e Oficios; en 1855 fúndase unha sociedade recreativa chamada Círculo-Recreo de Artistas, Comerciantes e Curiais, de contado denominada Círculo das Artes; en 1857 publícase “La Aurora del Miño”, primeiro periódico lucense, e en 1860 a Diputación establece unha Biblioteca Provincial, ó tempo que aparece un novo periódico, “El Correo Gallego”, que suspendería a súa edición ó ano seguinte (Castro Freire, 1951, pp. 90-98; Fernández de la Vega, *op. cit.*, p. 237).

Por outra banda, en 1839 comezan as obras de construción dun balneario na beira esquerda do Miño, co fin de aproveita-las augas quentes mineiro-menciñais das vellas Termas romanas, e en 1874 remata a edificación dun ansiado Hospital Provincial, que, ó fin, resulta desaxeitado, adicándose entón a sede da Diputación e do Instituto de Segunda Ensinanza (Castro Freire, 1951, pp. 86 e 114). Finalmente, no ano 1896 fúndase a Caixa de Aforros e Monte de Piedade da Coruña e Lugo, con sede en ámbalas dúas capitais.

Unha das actuacións urbanísticas máis xeralizadas no pasado século foi a supresión dos enterramentos localizados no casco urbano e a construción dos cemiterios nas aforas. Así, no ano 1858 adquirense uns terreos, situados entre a estrada de Castela (as actuais rúa de San Roque e Avenida de Madrid) e o barrio de Fingoi, para a apertura dun novo cemiterio municipal nas inmediacións do que hoxe á a Avenida de Ramón Ferreiro, co obxecto de facer desaparece-los pequenos enterramentos do interior da cidade (Castro Freire, 1951, p. 96).

O século XIX é tamén o período no que se abordan as operacións de traída de augas ás cidades e a construción das redes de alcantarillado. Non obstante, as primeiras obras desta natureza en Lugo remóntanse a 1754, cando o bispo Izquierdo dispuxo a restauración dun vello acueducto romano, levantándose con tal motivo a fonte barroca de San Vicente Ferrer na Praza do Campo (Castro Freire, 1951, p. 48). O que si tivo lugar na pasada centuria foi a colocación da iluminación pública na nosa cidade, primeiro a base de petróleo e logo, xa a fins do século, mediante electricidade.

Pola mesma época alcanza un especial desenvolvemento a construción de prazas e xardíns públicos, actuacións que, no que a Lugo se refire, estiveron moi

relacionadas co proceso desamortizador comezado en 1835. En efecto, o derrubo das ruínas do convento das Agustinas Recoletas permitiu en 1840 a ampliación da Praza das Cortiñas, orixinando a Alameda e mailo Cantón da Praza Maior, axardinada seis anos despois. Pola súa banda, a demolición da capela do Rosario, adosada ó brazo sur do convento de Santo Domingo, facilitou a fusión dos “campos” de San Francisco e de Santo Domingo, co cal quedaba creada, en 1844, a actual Praza de Santo Domingo. E, finalmente, no ano 1879 daríasele forma á actualmente denominada Praza do Ferrol (Castro Freire, 1951, p. 86; Fernández de la Vega, *op. cit.*, p. 244).

Dentro deste mesmo orde de preocupacións, temos que menciona-la institucionalización de beneficencia pública. No século XVII xa se fundara o Hospital de San Bartolomé, nos terreos agora ocupados polo Colexio da Milagrosa na citada Praza do Ferrol, que sería o primeiro centro sanitario da cidade; pero é no século XIX cando se acomete con verdadeiro interese a creación de establecementos de carácter benéfico. Así, en 1835 dispónse a agregación ó Hospital da Caridade de Lugo dos bens e rendas dos hospitais de Ligonde, Lestedo, Portomarín, Sarria, Cruz, Chamoso e Santa Catarina de Montouto. En 1842 inaugúrase a Casa Municipal de Beneficencia; polas mesmas datas, os prelados fundan e protexen o Asilo de Ancianos Desamparados, a Diputación Provincial atende a Casa de Maternidade e Expósitos, e o bispo Murúa establece un sanatorio para os soldados repatriados das nosas guerras coloniais (Amor Meilán, 1928, p. 183).

Emporiso, na primeira metade do século XIX aínda era Lugo unha vella cidade aprisionada polas súas murallas, cun entramado viario a base de rúas antigas, empinadas, estreitas e tortuosas (Tinería, Pombal, Falcón, Pinguela, Ramella, Fornos, Ruanova); outras máis modernas, como o Burgo Novo, Miño, Sol, Bon Xesús, Catedral, Cruz, Pazo, Armañá, Travesa e Batitales, e tres praciñas: a do Campo, a Maior e a de Santo Domingo. Fóra de murallas, tan só habería que citar os barrios do Paradai, o Paxaro, da Chanca, de Caiños, de Friás, das Flores, de San Roque, dos Xudeus, de Montirón, da Mosqueira, dos Loureiros e de Recatelo. Deste xeito, a mediados do século pasado o recinto amurallado non contaba con máis de 26 rúas e prazas, con 687 casas, que, engadidas ás 343 existentes nos barrios extramuros, proporcionan un total de 1.030 casas (Castro Freire, 1951, pp. 60-61 e 86).

Pero o forte crecemento demográfico experimentado a partir de entón (6.245 habitantes en 1850; 7.739 en 1873, e 10.733 en 1900), co conseguinte aumento do proletariado urbano, orixina unha maior demanda de aloxamentos, o cal permite á nacente burguesía comezar un proceso de especulación do chan a gran escala, convertendo a vivenda en mercadoría e creando dese xeito un dos mecanismos máis potentes de obtención de beneficios e acumulación de capital, trala destrucción das relacións de propiedade e das formas de utilización da vivenda de carácter precapitalista.

A desamortización de bens eclesiásticos permitiu levar a cabo un “ensanche interior” das cidades (Capel, 1977, p. 26), ó poñer en mans da burguesía amplos espazos no casco antigo e facilitar, ademais, a conversión dalgúns edificios conventuais en sedes de organismos de carácter público. Cabe afirmar, pois, como o fai C. Fernández de la Vega (*op. cit.*, p. 244), que a partir de entón iníciase unha nova etapa para o desenvolvemento urbano de Lugo, posto que, así como no período anterior desempeñara un importante papel a fundación de establecementos relixiosos, agora será o seu derrubo ou cambio de uso o factor responsable de substanciais transformacións urbanísticas. Por exemplo, en 1845 o convento de San Francisco fica convertido en Teatro Municipal para pasar a ser despois Museo

Provincial; analogamente, en 1850 instálanse no convento de dominicos da Nova as Oficinas do Estado, Facenda, Tesourería, Consello Provincial de Fomento, Administración de Correos e o Goberno Político, figurando máis tarde unicamente como Delegación Provincial de Facenda (Castro Freire, 1951, pp. 86-87).

Por outra banda, a necesidade dunha desconxestión do casco antigo, rapidamente deteriorado; a esixencia dun marco digno de residencia por parte da burguesía, e os novos condicionamentos derivados da circulación urbana, rematan desembocando nunha remodelación da antiga trama viaria, mediante a realización de novas alineacións e a apertura de rúas máis anchas e regulares cás preexistentes.

Neste senso, cómpre ter en conta que o sector intramuros chegara ó século XIX con amplos espazos sen urbanizar, de xeito que practicamente a metade do recinto era campo e terreos adicados a hortas. En concreto, o casco urbano ocuparía menos da metade do sector meridional da zona amurallada, ó que habería que engadir no centro o espazo correspondente ós conventos de San Francisco e Santo Domingo, e na metade setentrional as franxas edificadas ó longo dalgunhas rúas, como a Ruanova, aberta de Sur a Norte, e a de San Froilán, perpendicular á anterior. Dous grandes eixes artellaban este conxunto: un, constituído pola mencionada Ruanova, entre a Praza do Campo e a Porta Nova; outro, formado por varias rúas e prazas alineadas entre as portas de Santiago e de San Pedro (Souto, 1982, p. 1).

Así, pois, ata ben entrado o século XIX, a cidade conservou a mesma extensión arrastrada ó longo da época precedente, firmemente enclaustrada nas súas murallas, fóra das cales o arrabal de maior entidade sería o barrio de San Roque. Os abundantes espazos baleiros da zona intramuros foron dabondo para absorbe-lo lento crecemento da poboación durante os séculos medievais e modernos.

Non obstante, e seguindo a Vilá Valentí e Capel (1970, p. 116), “a mediados del siglo XIX el crecimiento de la población se hizo tan intenso, sobre todo en algunos casos, que las ciudades han de rebasar sus límites anteriores e iniciar una expansión espacial que no ha hecho sino acelerarse con el paso del tiempo. Las antiguas murallas, garantía de su defensa en los tiempos anteriores, se convirtieron entonces en un círculo asfixiante y su derribo pasó a ser el deseo más ferviente de la población y el símbolo del nacimiento de una nueva era”.

Lugo, por ser unha das localidades españolas que naqueles momentos amosaban unha menor vitalidade, correu mellor sorte ca outras cidades e puido continuar atrincheirada no seu antigo recinto, anque, iso si, as vellas murallas romanas foron profusamente perforadas. Entre 1858 e 1879 ábrese un novo eixe Norte-Sur, constituído polas rúas de San Fernando, San Marcos, Raíña e Progreso, cun espazo central ocupado pola Praza do Mercado ou de Santo Domingo, a cal comeza xa a perfilarse coma un emprazamento privilexiado da cidade. Así mesmo, en 1890 trázase a rúa de Bolaño Rivadeneira, perpendicular ás anteriores, prolongada en 1925 a través da rúa de Montevideo, para servir de acceso ó novo hospital. Da segunda metade do século pasado data tamén a apertura das actuais rúas Vilalba, Ourense, Bispo Aguirre e Xeneral Franco. E este crecemento urbano, aínda que experimentado en grao inferior ó de outras poboacións, revestiu intensidade dabondo como para que se iniciase entón un continuado proceso de apertura de novas portas ou de ampliación das xa existentes, fórmula alternativa ó derrubo que posibilitou a subsistencia do castigado monumento.

Con todo, a fins de século varios concellais propuxeron a demolición da muralla, negando nada menos cá súa orixe romana e, polo tanto, o seu suposto interese histórico; foi necesaria unha decidida intervención do erudito e historiador D. José Villaamil e Castro par evita-la consumación de tan desatinado proxecto

(Arias Vilas, 1972, p. 21). A cambio, a sucesiva perforación do muro con vistas a comunica-los novos ou renovados eixes coas urbanizacións que se creaban extramuros, supoñía a superposición da cidade decimonónica burguesa por riba da antiga, que ficaba marxinaada ou esfarrapada unha vez trocada a significación por protectora e definidora da muralla (Souto, 1982, pp. 1-2).

Así, en 1856 e para celebra-la visita da Raíña Isabel II e do Príncipe de Asturias, ábrese a Porta do Príncipe Alfonso, actualmente chamada de San Fernando, que serve de acceso á estrada da Coruña. A construción da estación do ferrocarril, a fins de século, constitúe un importante estímulo urbanístico que permite tranformar en rúa o Carril do Gato Mouro (agora rúa do Xeneral Franco), ó tempo que perfora a muralla pola actual Porta da Estación (1876) e enxendra unha avenida de circulación (hoxe, rúa de Castelao) cara á depresión dos antigos barrios de Friás e da Chanca (Fernández de la Vega, *op. cit.*, pp. 244-245). En 1887 ábrese a Porta do Bispo Izquierdo, ou do Campo Castelo, que serve de acceso ó novo cárcere inaugurado na mesma data, e sete anos máis tarde tócalle o turno á Porta do Bispo Aguirre, co fin de facilita-la comunicación co novo Seminario.

Agora ben, dentro do recinto amurallado continuaron existindo desproporcionados espazos libres ata ben entrado o presente século. Sen dúbida, puido intentarse entón unha ordenación de grandes zonas verdes interiores e unha conexión axeitada co case intacto entorno extramuros; pero en vez diso, a partir de 1900 proseguiron as aperturas de novas portas (Bispo Odoario, 1921) e mailas ampliacións das xa existentes (Nova, 1900; Estación, 1918; San Fernando, 1963), co cal o casco antigo quedou definitivamente reventado e macizado a consecuencia das prácticas urbanísticas monumentalistas e destructoras de escalas que foron colmatando o recinto intramuros lucense e o seu entorno inmediato, a través de fórmulas arquitectónicas primeiro racionalistas, despois pseudobarrocas e, para rematar, pseudofuncionalistas (Souto, 1982, p. 2).

Unha absurda política histórico-artística, consistente en preservar e individualiza-los monumentos singulares á marxe de toda conexión cos seus emprazamentos respectivos, fai que Lugo ofrezca, en xeral, a imaxe dunha cidade moderna, “renovada”, con pretéritas enquistacións absolutamente desconectadas co entorno. Servede exemplo o feito inusitado de que a Praza de Santo Domingo poidera converterse en centro comercial e financeiro da cidade, cun volume de edificación esaxeradamente fóra de escala en torno á igrexa gótica de San Pedro e ó convento das MM. Agustinas (Souto, 1982, pp. 3-4). Incluso se teñen formuladas opinións (López de Lucio, 1977, p. 54) verbo da chamada “operación limpeza” da Muralla romana —consistente na demolición das pequenas edificacións adosadas ó seu exterior, reconstrución de cubos, eliminación da vexetación e da instalación eléctrica empotrada, e axardinamento—, considerándoa coma unha curiosa transposición dos principios hixiénico-puristas á conservación do patrimonio arquitectónico, constituíndo, segundo esas opinións, un exemplo de restauracionismo baseado na estética do “aínda máis branco” e que protexe o monumento individualizado facendo desaparece-lo conxunto.

En definitiva, mentres as experiencias europeas da posguerra demostraron a plena factibilidade dunha incorporación masiva de arquitectura contemporánea ós centros históricos, en Lugo o camiño seguido foi inverso: “se sometió al centro histórico a las brutales exigencias de una especulación irracional, técnicamente deleznable, estética y socialmente desfasada y conceptualmente nula” (Souto, 1982, p. 2).

Por outra banda, durante o primeiro cuarto do noso século desencadéase unha intensa actividade constructiva na ronda exterior á Muralla, así como nas rúas de

novo trazado, ó tempo que comeza a expansión da cidade cara ó norte, en particular ó oeste da estrada da Coruña. A ampliación deste barrio setentrional prosegue entre 1925 e 1950, constituíndo un perfecto exemplo de indisciplina urbanística. “Se engendró una espontánea caricatura de sistema lineal —afirma C. Fernández de la Vega (*op. cit.*, p. 245)—, con calles más o menos paralelas y perpendiculares, bastante lamentable, monótona, sin plazas, sin espacios verdes, de pobre edificación y menesterosa de servicios, con mala distribución de volúmenes, sin zonificación, con raquítica red viaria, etc.”.

Mientras tanto, no extremo oposto da cidade tiña lugar a expansión do barrio de San Roque, e no interior do recinto amurallado rexistrábase unha considerable actividade edificatoria, xunto coas primeiras actuacións especulativas nas prazas máis céntricas, con solucións estéticas e volumétricas inconvenientes. Ó mesmo tempo creábanse o Parque “Rosalía de Castro” e mailo Club Fluvial, os principais espacios verdes e libres —practicamente os únicos— con que conta a cidade.

Resulta de sobras coñecido o feito de que os anos sesenta trouxeron consigo profundas modificacións das pautas dominantes na urbanización das cidades españolas. O forte crecemento demográfico experimentado daquela por éstas, ralentizado no caso de Lugo, sumado a importantes alteracións dos mecanismos de produción e distribución de vivendas e servicios, serán os factores desencadeantes dun acelerado proceso de “desarrollismo” urbano (Castells, 1977, pp. 55-56). O incongruente axioma “primeiro vivendas, despois urbanismo” (Tamames, 1978, p. 579) imponse definitivamente, e o seu resultado será un crecemento urbano desordenado e burdamente especulativo, con fortes desequilibrios no referente a dotacións de infraestructura, servicios e equipamentos colectivos de todo tipo.

Os aforros dos emigrantes, entre outras circunstancias, van contribuír a elevar fortemente a presión da demanda de vivendas no mercado inmobiliario lucense, servindo de poderoso acicate á construción e encarecendo espectacularmente os precios. En consecuencia, a acción especulativa increméntase en todo o casco amurallado, coa conseguinte degradación de ambientes urbanos. Simultaneamente, enceta a renovación da edificación na Ronda da Muralla e proliferan as construcións na periferia (García Fernández, 1970, pp. 10-11), continuando o caos edificatorio en torno ó eixe da Avenida da Coruña.

Durante o quinquenio 1966-1970, procédese á construción de 114 vivendas en Catasol e 200 no Polígono de Fingoi, todas elas con destino á clase obreira. O primeiro caso constituiu unha audaz operación especulativa que desembocou na edificación duns monótonos e amazotados bloques de vivendas encerrados polo resto do caserío; en canto ó Polígono de Fingoi, ó permitírselle ós propietarios das fincas situadas no mesmo acceder ás novas vivendas localizadas na súa periferia, posibilitouse a expropiación daqueles terreos para a súa posterior reparcelación e equipamento urbanístico (todo iso a cargo do Instituto Nacional da Vivenda e, polo tanto, con fondos públicos), co fin de colocalos despois nas mans da burguesía, que acabaría consolidando neles a nova área residencial da clase dominante, á vez que se desataba unha forte oleada especulativa.

Pola súa banda, o crecemento oriental da cidade segue a se-lo máis limitado, aínda que neste período a Obra Social da Caixa de Aforros da Coruña e Lugo (agora Caixa de Aforros de Galicia) acometen a construción de 294 vivendas no Polígono do Sagrado Corazón, tamén con destino ó proletariado, coma nos casos que acabamos de describir.

En conxunto, a segunda metade da década dos sesenta aparece coma o período de maior desenvolvemento urbano dos últimos tempos. Ademais, a intensidade do proceso constructivo non só se traduce na aparición de novas edificacións, senón

que tamén conduce á agregación de novas plantas e ampliación dos existentes en edificios anteriores, así como a substitución de vellos inmobles por outros máis modernos. Ó fin e ó cabo, a continua destrución e reconstrución do caserío constitúe un proceso acorde cos principios dun modo de produción que ten como norma declarar anticuadas as mercadorías, recentemente fabricadas, para substituílas por outras, dotadas dalgún elemento supostamente novedoso (Alvarez Mora e Roch, 1980, p. 17).

A afluencia de poboación á cidade durante o período que estamos a comentar, unida a un crecente proceso de salarización e proletarización, e á dinámica da propia poboación lucense, orixinan unha forte presión da demanda de vivendas (o seu número pasou de 12.511 no ano 1960, a 17.792 en 1970, e, finalmente, a 26.118 en 1981), que tende a ser satisfeita ó mínimo custo posible para conxuga-la reprodución da forza de traballo e a maximización de beneficios. A hexemonía do capital, que domina nas instancias políticas e económicas, acaba facéndose tamén co control do mercado inmobiliario, contando para iso co respaldo do aparato da Administración; en tal situación, os traballadores, desorganizados e impotentes en canto usuarios urbanos, quedan indefensos diante da imposición de condicións autenticamente leoninas en todo o relativo a vivenda e servicios (Castells, 1981, p. 222).

Despois de 1970 ralentízase a intensidade do proceso constructivo, desacelerándose significativamente nalgúns momentos para recuperarse notablemente ó longo da década dos oitenta. Nos terreos denominados “Quinta de Pérez” (na actualidade rúa do Profesor Otero Pedrayo) constrúense oito bloques cunha capacidade de 318 vivendas, constituíndose así un novo polígono residencial para a clase obreira. Tamén ten lugar un espectacular desenvolvemento da construción na Segunda Ronda, en particular no tramo denominado Ronda das Mercedes e máis aínda na Ronda do Almirante Carrero Blanco; o menor precio do chan e a maior tolerancia das ordenanzas urbanísticas nesta zona, convertérona nun dos emprazamentos preferidos para a produción de vivendas destinadas sobre todo á clase media e media-baixa, o que conduciu a unha rápida macización do espazo edificado ó longo da ronda. Máis recentemente, o maior desenvolvemento de edificación ten como escenario o arredor da Fonte dos Ranchos e o tramo inicial da nova estrada de Santiago, así como a rúa Lamas de Prado e mailo espazo que gravita en torno á rúa de Montero Ríos, que se amosan como as novas áreas de expansión da cidade.

Para rematar, está claro que a cidade de Lugo, dende o punto de vista funcional, constitúe un centro comercial e de servicios sobre o que pivota unha provincia esencialmente agropecuaria; e esta proxección rural sobre a nosa cidade ten que traducirse dalgún xeito na súa morfoloxía pasada e presente. É lóxico, pois, que as actuais prazas do Campo, de Santo Domingo e Maior tiveran, no seu día, unha función de mercado, e que, ata fai pouco tempo, un importante espazo urbano estivera destinado a “Campo da Feira”, é dicir, a escenario do tradicional encontro entre o campo e a cidade. O desenvolvemento desta converteu o antigo feiral nunha estación de autobuses e as funcións daquel pretendeuse transferilas a un mercado gandeiro, instalado no Ceao, que nunca chegou a funcionar (Fernández de la Vega, *op. cit.*, p. 248).

En definitiva, o desenvolvemento do modo de produción capitalista supón un proceso de organización do espazo baseado na desintegración das vellas estruturas agrarias, co subseguinte éxodo rural cara ós centros urbanos, o cal proporciona a concentración dunha abundante e barata forza de traballo requerida polos condicionamentos da implantación industrial e comercial e pola necesidade

de contar cun mercado consumidor o máis amplo posible (Castells, 1976, pp. 21-22). En concreto, no caso que nos ocupa, dos 66 concellos con que conta a provincia lucense, 61 perden poboación entre 1940 e 1981, e dez deles (os situados, loxicamente, nas comarcas máis depauperadas) fano nunha proporción superior ó 50 %; en consecuencia, o conxunto do territorio provincial sofre un proceso de despoboación que rebasa amplamente o 20 % entre as datas indicadas. Pola contra, no mesmo período o término da capital aumenta en máis do 70 % os seus efectivos demográficos, os cales son triplicados no caso da cabeceira do municipio e da provincia. En fin, trátase dun aspecto máis da explotación do campo pola cidade.

O aumento da produción e da circulación espacial do plusvalor orixina a acumulación de fortes excedentes sociais, que se concentran xeograficamente de modo permanente na cidade e que son postos de novo en circulación para obter máis plusvalor. Prodúcese, xa que logo, un incremento considerable dos centros urbanos e da poboación residente neles, establecéndose un sistema urbano perfectamente xerarquizado, no cal cada cidade posúe a súa propia área de influencia, en función dun proceso que converte ás urbes en centros, non só de produción, senón tamén de extracción de plusvalor do seu entorno rural (Harvey, 1979, pp. 242 e 273-274). Os antagonismos coa sociedade campesiña son, deste xeito, os rasgos máis destacados do desenvolvemento lucense decimonónico e actual.

Bibliografía

- ALVAREZ MORA, A. e ROCH, F. (1980): **Los centros urbanos. Hacia la recuperación popular de la ciudad**. Nuestra Cultura, Madrid.
- AMOR MEILAN, M. (1928): "Provincia de Lugo", en F. Carreras Candi (dir.), **Geografía General del Reino de Galicia**, III, A. Martín, Barcelona.
- ARIAS VILAS, F. (1972): **Las murallas romanas de Lugo**. Univ. de Santiago.
- ARIAS VILAS, F.: "Lucus Augusti", en **Gran Enciclopedia Gallega**, 19, pp. 218-221.
- BIDAGOR LASARTAE, P. (1968): "El siglo XIX", en García Bellido et al., **Resumen histórico del urbanismo en España**, I.E.A.L., Madrid.
- CAPEL SAEZ, H. (1977): **Capitalismo y morfología urbana en España**. Libros de Cordel, Barcelona.
- CASTELLS, M. (1975): **Problemas de investigación en Sociología urbana**. Siglo XXI, Madrid.
- CASTELLS, M. (1976): **La cuestión urbana**. Siglo XXI, Madrid.
- CASTELLS, M. (1977): **Ciudad, democracia y socialismo. La experiencia de las Asociaciones de vecinos en Madrid**. Siglo XXI, Madrid.
- CASTELLS, M. (1981): **Crisis urbana y cambio social**. Siglo XXI, Madrid.
- CASTRO FREIRE, S. (1951): **Lugo y sus hombres. Ensayo de síntesis histórica**. Celta, Lugo.
- FERNANDEZ DE LA VEGA, C.: "Lugo. II. Ciudad", en **Gran Enciclopedia Gallega**, 19, pp. 230-249.
- GARCIA Y BELLIDO, A. (1968): "La Edad Antigua", en García Bellido et al., **Resumen histórico del urbanismo en España**, xa citado.
- GARCIA BELLIDO, J. e GONZALEZ TAMARIT, L. (1979): **Para comprender la ciudad. Claves sobre los procesos de producción de espacio**. Nuestra Cultura, Madrid.
- GARCIA FERNANDEZ, E. e J.L. (1970): "Plan Parcial de un casco viejo: Lugo", en **Arquitectura y Técnica**, 134.

- GEORGE, P. (1974): **Geografía Urbana**. Ariel, Barcelona.
- HARNECKER, M. (1982): **Los conceptos elementales del materialismo hitórico**. Siglo XXI, Madrid.
- HARVEY, D. (1979): **Urbanismo y desigualdad social**. Siglo XXI, Madrid.
- LOPEZ DE LUCIO, R. (1977): "Lugo, su muralla y las "operaciones de limpieza" pasadas y por venir: un caso de restauración a la española", en **Ciudad y Territorio. Revista de Ciencia Urbana**, pp. 49-60.
- LUCAS LABRADA, J. (1804, reed. en 1971): **Descripción económica del Reino de Galicia**. Galaxia, Vigo.
- RUIZ ALMANSA, J. (1943): "La población de España en el siglo XVI", en **Revista Internacional de Sociología**, I, 3, pp. 115-136.
- RUIZ ALMANSA, J. (1948): **La población de Galicia (1500-1945) según los documentos estadísticos y descriptivos de cada época**. Instituto "Balmes" de Sociología (C.S.I.C.), Publicaciones del Laboratorio de Demografía Retrospectiva Española, Madrid.
- SOUTO, J.L. de (1982): **Informe sobre la destrucción del recinto intramuros de la ciudad de Lugo**. Centro de Estudios sobre el Patrimonio Histórico "Ambrosio de Morales", Madrid.
- TAMAMES, R. (1978): **Estructura Económica de España** (2 vols.). Alianza, Madrid.
- VILA VALENTI, J. e CAPEL, H. (1970): **Campo y ciudad en la geografía española**. Salvat-Alianza, Madrid.

